

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de novembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 52981 (10/POC-008244)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen
Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 518, do 06.08.2019
- 1.2 55210 (10/POC-008703)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería do Medio Rural co fin de evitar as consecuencias para o sector lácteo de Galicia da normativa europea referida ás emisións de amoníaco á atmosfera ocasionadas polos zurros procedentes das explotacións gandeiras e a aplicación destes nos solos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.3 57598 (10/POC-009041)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre os protocolos activados polo Goberno galego, ademais das enquisas de bioseguridade nas explotacións, para detectar a posible presenza da peste porcina africana en Galicia, así como as medidas e os programas que se están a desenvolver para a súa prevención e detección
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 51685 (10/PNC-004132)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos accidentes que se veñen producindo con maquinaria agrícola antiga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019



- 2.2 57168 (10/PNC-004538)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
cos procesos de concentración parcelaria do monte na zona denominada
Gonzar II e nas parroquias de Arca e Pereira, no concello do Pino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 2.3 57599 (10/PNC-004581)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia, de xeito
participativo, dun plan de fomento da horticultura galega co fin de reverter
a baixada que rexistra, entre os anos 2009 e 2017, a súa produción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 2.4 57959 (10/PNC-004624)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co
convenio asinado coa Fegamp e Seaga para a xestión da biomasa nas faixas
secundarias, para a prevención dos incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019
- 2.5 58030 (10/PNC-004630)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
cos terreos forestais particulares que polo seu estado de abandono supoñan
un elevado risco de propagación do lume
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

Daniel
Vega Pérez

Firmado digitalmente por Daniel Vega
Pérez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Daniel Vega Pérez,
email=daniel.vega.perez@parlamentode
galicia.gal
Fecha: 2019.11.05 11:21:59 +01'00'





Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 05/11/2019 11:21:59

